

Edita: Club Montañeiros Celtas.
Dirección: Marisa Núñez Suárez y Fernando Fernández Rey
Traducción: Marisa Núñez Suárez
Maquetación: Enrique Soto
Colaboran neste número: Sechu López

Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.
Imprime: Copy Camelias. Depósito Legal: VG:40-1998.
Impreso en papel reciclado



CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

Nº 105

Marzo

Editado 17/3/11

VINDEIRAS ACTIVIDADES

Remitímosvos á páxina web do club WWW.CELTAS.NET para consultas das vindeiras actividades.

Lembrede que aquí atoparedes información sobre:

- Actividades
- Novas de Interese
- Hemeroteca
- Galería de fotos
- Información de Club, entre outras cousas

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

- ♦ Avda. Camelias, 78 Oficina K- 36211 Vigo.
- ♦ Apartado de Correos 1836, 36200 Vigo
- ♦ Teléfono/fax: 986 438 505
- ♦ Internet: www.celtas.net
- ♦ Correo electrónico: info@celtas.net

CARTA A CHITO VEIGA

Querido e inesquecible amigo

A familia de Montañeiros Celtas queremos, nesta carta aberta, renderche unha pequena homenaxe.

Sempre tiveches co noso Club, que é o teu Club, unha especial e xenerosa entrega. Fuches quen de compartir con todos nós non só as túas viaxes e actividades, pioneiro en moitas delas, tamén os teus amplos coñecementos e experiencias vitais. Gozaches plenamente nas tarefas de ensino e divulgación do montañismo, transmitindo as túas ideas deportivas, humanas e culturais, sendo un mestre de diferentes xeracións, impartindo sabedoría e contaxiando aos teus “alumnos” o teu entusiasmo e paixón por unha forma de vivir e entender o mundo da Montaña.

Conseguiches facer historia, coa modestia que te caracteriza, e a túa presenza marcou un antes e un despois no montañismo galego e español.

Fuches o noso fascinante contador de historias, dos mitos e lendas que gustabas de investigar. Algún día alguén tomará o relevo para contar... “di a lenda que no

século XX un vigués chamado Chito converteuse nun ídolo de varias xeracións de montañeiros, sendo respectado e admirado con exaltación polo seu amor á Montaña en xeral e a súa benquerida Galicia en particular, que cruzou fronteiras para vivir aventuras e experiencias maravillosas...”

Por todo iso, por ter sido un gran montañeiro, pero sobre todo unha gran persoa e amigo de todos nós, queremos dar as grazas e desexarche o mellor nesta derradeira viaxe, máis alá do cumio.

Pervivirás na memoria e no corazón dos que tivemos a sorte de coñecerte.

Unha forte e sentida aperta de todos e cada un de nós.

Montañeiros Celtas



Neste número:

Carta a Chito Veiga	1
Novas do club	2
Galiñeiro	4
69 Cea Aniversario	5
Novas da FGM	6
Vindeiras Actividades	8

**ASEMBLEAS ORDINARIA E EXTRAORDINARIA (25.3.11)
CALENDARIO ELECTORAL- ELECCIÓN A PRESIDENTE
DO CLUB
(informacion en páxinas interiores)**

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2011 CONVOCATORIA

A actual Xunta Xestora, ao abeiro dos nosos Estatutos e do disposto nos seus artigos 20 e 21 convoca ASEMBLEA XERAL ORDINARIA, que se celebrará o día 25 de Marzo de 2011, ás 20:00 horas, en primeira convocatoria, e ás 20:30 horas, na segunda, no local Social da nosa entidade sito na Avda. Camelias núm. 78, oficina K, de Vigo, coa seguinte ORDE DO DÍA

1. Presentación das liñas xerais de actuación da Xunta Xestora.
 2. Aprobación, se procede, da Acta da Asemblea Xeral Ordinaria celebrada o 22 de Outubro do 2010.
 3. Presentación e debate de memorias de actividades do ano 2010.
 4. Presentación e aprobación, se procede, das contas do ano 2010, Balance situación a 31-12-2010.
 5. Solicitar consulta a Asemblea Xeral, mediante unha votación sobre a necesidade de continuar ou non co actual convenio de Refuxio do Domaio e a Comunidade de Montes de Domaio.
 6. Solicitar consulta e rectificación a Asemblea Xeral da participación do club na Plataforma Pola Defensa da Serra do Galiñeiro.
 7. Rogos e preguntas
- Esta convocatoria foi aprobada pola Xunta Xestora na súa reunión do día 31 de Xaneiro do 2010.

Notas:

- As actas da Asemblea do 22/10/2011 non se lerán na Asemblea.
- Estará a disposición dos socios na oficina do Club e/ou no Taboleiro de anuncios a seguinte documentación: Actas da Asemblea antes indicadas, Censo dos socios con dereito a voto nesta Asemblea, Balance do ano 2010.

ELECCIONS 2011 A PRESIDENTE DO CLUB


Finalizado o mandato como presidente do Club, por parte Fernando Fernández Rey, que se iniciou en outubro do 2006, de acordo con la Lei Xeral do Deporte da Xunta de Galicia é necesario facer eleccións a Presidente do Club cada catro anos, coincidindo coa celebración de Olimpíadas de Inverno.

Fixéronse eleccións no ano 2010 a Presidente axustándose ao Regulamento do Réxime Electoral do noso Club, aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria do 10 de marzo do 2006. (Este regulamento e a información relacionada con estas eleccións pódese obter na sede do club ou na nosa web www.celtas.net)

Aprobouse na Asemblea Xeral Extraordinaria que se levou a cabo o día venres 22 de outubro de 2010, o inicio o Proceso Electoral, que rematou o 18 de novembro na que os membros da Xunta Electoral firmaron a acta da resolución da convocatoria electoral do Club Montañeiros do ano 2010.

En dita acta se certificou, unha vez rematada a presentación de candidaturas, que non se presentou ningún candidato ás devanditas eleccións, polo que remata o proceso electoral ao non haber candidatos que se presentaran a dito cargo.

A partir dese momento os membros da directiva pasan formar unha Comisión Xestora. Segundo o artigo 43 dos estatutos do Club, e no artigo 43.2 é preciso convocar novas eleccións antes dos seis meses. Agora toca facer nova convocatoria



NOVA REVISTA CUMES DIXITAL DA FGM

A FGM quiere retomar o proxecto da revista Cumes que viña editando, pero desta volta farao en formato DIXITAL, é a que se poderá acceder a través da páxina web de Federación. Para levar a bo porto este traballo precisa da colaboración dos federados e marca unha serie de requisitos que deben cumprir or artigos que se envíen, entre os que se destacan que serán artigos de montañas ou actividades desenvolvidas nela.

Poderán ser en castelán ou galego.

A lonxitude do artigo estará entre 1500 e 3000 palabras.

Enviaranse en fonte Arial, corpo 12 e interliñado 1,5.

As fotos que se acompañen aos textos irán en formato jpg, acompañado co seu pé de foto.

Os textos irán identificados co nome do autor, e-mail, teléfono, etc.

Tedes máis informacións na FGM:

[Http://www.fgmontanismo.com/](http://www.fgmontanismo.com/)

RAZÓNS PARA FEDERARSE

Estar federado é formar parte dun proxecto común de defensa do noso deporte, é formar parte dun colectivo de persoas que aman a Natureza e practican deportes de montaña en diferentes modalidades e niveis.

Estar federado supón, entre outras cousas:

1. Ter un ser seguro de accidentes xeral, que cubre tanto a Responsabilidade Civil derivada de danos que poidamos causar a terceiros, como asistencia sanitaria especializada e custes de rescate.
2. Poder participar en cursos da FEDME (Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada), e os que se

organicen nas Federacións da túa Comunidade Autónoma.

3. Coa licenzia federativa estás contribuíndo á preparación de moitos deportistas.

4. Terás prezos especiais en refuxios de Montaña, tanto españois como do resto de Europa que estean afiliados ao Convenio de Reciprocidade.

5. Algunhas empresas e tendas de deporte fan descontos dos seus produtos aos federados.

Lembra que poderás adaptar a túa licenzia ás túas necesidades e ao nivel de actividade que realices. Infómate no Club ou na Federación.

MUTUALIDAD GENERAL DEPORTIVA - www.mgd.es

MODALIDADE A	España	MAIORES	43.55€
		XUVENIS	33.45€
		INFANTIS	20.10€
MODALIDADE B-1	España	MAIORES	63.55€
		XUVENIS	53.45€
		INFANTIS	34.50€
MODALIDADE B-2	Europa - Marrocos	MAIORES	91.35€
		XUVENIS	81.25€
		INFANTIS	74.85€
MODALIDADE B-3	Todo o mundo	MAIORES	119.20€
		XUVENIS	109.10€
		INFANTIS	102.70€

Tódalas modalidades cubren as actividades de: Montañismo, sendeirismo, escalada, descenso de barrancos e esquí.

ASEFA, S.A. - SEGUROS E REASEGUROS

MOD. BÁSICA A	España	INFANTIS	13.44€
MODALIDADE B	España	MAIORES	47.37€
		XUVENIS	37.27€
MODALIDADE C	España, Portugal, Andorra, Pirineos Franceses	MAIORES	79.53€
		XUVENIS	65.64€
		INFANTIS	26.49€
MODALIDADE D	Todo o mundo (Excepto por riba dos 7,000 metros ou dentro dos círculos polares.)	MAIORES	133.17€
		XUVENIS	96.46€
		INFANTIS	68.41€
MODALIDADE E		MAIORES	611.10€
MAIORES 75 ANOS		MAIORES 75	42.31€